

Manuel PEREIRA VALCÁRCEL

Retratos

Son o que sobrevive ao medo,
o que, serenamente, recorda,
o que aborrece as apostas,
o que se contradí,
o que chama,
o que, tantas veces,
se dá por vencido.

Son o que camiña e escoita,
o que fracasa e esperta,
o que dubida e agarda,
o que se namora e cae,
o que non esquece e perdoa,
o que non lanza a pedra
e non esconde a man.

Son o que está da túa parte,
o que non xoga ás agachadas,
o que disimula a présa,
o que abre a porta,
o que aínda cre na razón,
a pesar das mancaduras e
da propaganda en contra.

Son o que recolle voces,
o que comparte palabras,
o que prende o lume,
o que sempre te busca,
o que te mira de fronte,
o que te estraña,
o teu amigo máis fiel.

Ese silencio involuntario,
imprevisto, incómodo,
que te sorprende, que te asusta.
Ese silencio que me enmudece,
que me manipula, que me abate,
non sei de onde vén nin que pretende.
Ese silencio que esgota a túa paciencia,
que me ancora, que me deixa só,
sen respecto nin miramentos.
Ese silencio co que non podo,
co que me deito e me levanto,
co que non consigo pactar.
Ese silencio que me converte en refén,
que me exilia, que me tortura
e que me pon o mundo de costas.

Cantas vidas habería que vivir
para ordenar a nosa vida,
para poñer cada día no seu sitio,
cada xesto no andel correspondente,
cada palabra no seu lugar preferido,
cada ollada na dirección exacta.

Cantas vidas precisaríamos
para que non nos importasen os erros,
para non estrañar a calor nin o frío,
para termos ben anotados os enderezos,
para saír indemnes das viaxes
e fortalecidos nos retornos.

Cantas vidas cumprirían
para conformarnos co imprescindible,
para non termos que render contas,
para que o agarimo fose a patria,
para desterrar todas as dúbidas
e sabermos, de verdade, quen somos.

Queime moi moitas veces os atardeceres.
Incendiei o horizonte con nostalxia.
Convertín en po as promesas máis consistentes.
E afoguei as palabras con bágoas demasiado sinceras.